

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne con carácter extraordinario no Pazo provincial ás 10:25 h do día 8 de setembro de 2023, baixo a presidencia de **DNA. MARTA FERNÁNDEZ – TAPIAS NÚÑEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, DNA. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, DNA. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución DE DNA. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, **DNA. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, DNA. BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ** en substitución de D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e **DNA. MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Comezada a sesión, dáse conta de que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente do día 4 de agosto de 2023, acordou a creación das Comisións Informativas Permanentes, integradas por 17 deputados e deputadas cunha representación proporcional á existente entre os distintos grupos políticos, así como a composición concreta das mesmas. Así mesmo, na Resolución Presidencial núm. 2023006628 de data de 29 de agosto de 2023, recóllese o nomeamento da presidenta efectiva, Dna. Marta Fernández – Tapias Núñez e suplente, D. Rafael Domínguez Artime para a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico, que queda integrada polos seguintes deputados e deputadas provinciais que se relacionan a continuación:

D. Jorge Cubela López, D. José Carlos López Campos, Dna. María Pilar Ramallo Vázquez, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Dna. María Nava Castro Domínguez, D. Jesús Vázquez Almuíña, D. Marcos Guisasola Padín, D. Carlos López Font, D. Carlos Gómez Prado, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez, D. Gorka Gómez Díaz, D. Javier Iglesias Mougán, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e Dna. María Ortega Iñarrea.

Estando presentes a maioría das deputadas e deputados que compoñen esta Comisión Informativa, pola Presidenta efectiva, Dna. Marta Fernández – Tapias Núñez, declárase constituída a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico.



2. DAR CONTA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESCOLAS DE MÚSCA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023

A presidenta dá conta das Bases de Axudas para Escolas de Música dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2023, que a Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 11 de agosto de 2023, acordou aprobar. Ditas bases saíron publicadas no BOPPO núm. 160, de 21 de agosto de 2023, onde se recolle o importe total destinado ás axudas, que será de noventa mil (90.000,00) euros financiados con cargo á aplicación 23/330.3260.489.09 do Orzamento Provincial para o ano 2023, así como o prazo de presentación de solicitudes, o cal remata o 29 de setembro do presente ano.

Estas bases teñen como obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a escolas de música dependentes das asociacións sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, para o ano 2023.

3. ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 10:30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu como secretaria dou fe.

